

García denuncia “a dobre moral do PP” ao criticar a súa situación salarial, pois este Partido ofreceulle melloras económicas para conseguir co-gobernar no Concello

O socialista asegura que as declaracións dos populares “son totalmente falsas”, xa que o seu salario está totalmente axeitado ás responsabilidades que desempeña no Goberno local

Considera que, malia superar os 65 anos, a súa remuneración está xustificada como representante dos veciños de Riotorto; unha situación na que tamén se atopan varios cargos do PP da provincia

A nova Lei de Administración Local impide que o Alcalde e o Tenente Alcalde poidan cobrar unha dedicación exclusiva cada un. Por este motivo, subraia que “xa estamos intentando buscar unha solución, pero o que quero deixar claro é que, a día de hoxe, o meu soldo é totalmente legal”

RIOTORTO, 14 DE MARZO.- O tenente Alcalde de Riotorto –José García- asegura que as declaracións realizadas polo Partido Popular deste Concello sobre o seu soldo “son totalmente falsas”, pois o seu salario está totalmente axeitado ás responsabilidades que desempeña no Goberno local. Neste senso, asegura que se trata dun exemplo máis da “dobre moral do PP”; Partido que, nas pasadas eleccións municipais, lle ofreceu incluso melloras salariais se o socialista pactaba con este Grupo político.

“Pídolle aos Sres. do Partido Popular que deixen de enganar aos veciños con cuestións que son falsas e que digan a verdade. Que lles expliquen aos cidadáns as melloras que me ofrecían se chegabamos a un acordo para co-gobernar o Concello”. Istos demostra, segundo o voceiro municipal do PSOE, “a política mezquina deste Partido político”.

A nova Lei de Administración Local impide que o Alcalde e o Tenente Alcalde poidan cobrar unha dedicación exclusiva cada un. Por este motivo, subraia o socialista, “xa estamos intentando buscar unha solución, pero o que quero deixar claro é que, a día de hoxe, o meu soldo é totalmente legal”.

O seu traballo xustifica o salario

Con respecto a que José García supera os 65 anos, polo que, segundo os populares, debería deixar de cobrar polo Concello, cómpre indicar que o seu salario está xustificado polo seu traballo como representante dos veciños, de tal xeito que, “o que debe facer o Partido Popular é mirar o que ten na casa porque eles tamén teñen cargos que superan esta idade”. Esta é a extratexia do PP, destaca o socialista, “a intentar enturbiar o traballo que facemos os socialistas en Riotorto. Este é o único fin que perseguen, todo o demais, queda baleiro de contido”, conclúe